

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4678 *Real decreto lei 7/2017, do 28 de abril, polo que se prorroga e modifica o Programa de activación para o emprego.*

I

Co fin de facilitar e fomentar o acceso das persoas desempregadas ás prestacións dos servizos públicos de emprego, unha das iniciativas recollidas no Acordo de propostas para a negociación tripartita para fortalecer o crecemento económico e o emprego, asinado o 29 de xullo de 2014 polo Goberno e polos interlocutores sociais, foi o deseño dun programa de activación para o emprego para desempregados de longa duración con cargas familiares.

O programa distínguise por ofrecer contidos específicos de orientación, formación, recualificación e recoñecemento da experiencia de traballo que, xunto cunha medida de protección, contribuíse a facilitar a reinserción laboral destes desempregados. En desenvolvemento desta previsión, o Goberno e os interlocutores sociais asinaron en decembro do mesmo ano o Acordo sobre o Programa extraordinario de activación para o emprego, aprobado posteriormente polo Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego, e prorrogado polo Real decreto lei 1/2016, do 15 de abril.

A economía española acumula tres anos de crecemento do PIB. Neste período creáronse case un millón e medio de empregos. Malia isto, 3.702.137 persoas seguen inscritas como desempregadas e boa parte delas, algo menos da metade, desde hai máis dun ano.

A avaliación do Programa de activación para o emprego pon de manifesto que ata o 31 de xaneiro de 2017 foron atendidos 217.721 solicitantes, dos cales 140.139 accederon á axuda económica, e o 88 % dos que percibiron a prestación e a compatibilizaron co emprego mantiveron o traballo tras finalizar o programa. Ademais, un de cada tres beneficiarios obtivo unha colocación nos doce meses seguintes á súa incorporación ao programa.

Por todo isto, ante a finalización do prazo para acceder ao Programa de activación para o emprego o 15 de abril de 2017, o Goberno e os interlocutores sociais mantiveron varias reunións de traballo no marco da mesa de diálogo social para o deseño dun plan de choque polo emprego nas cales, en primeira instancia, se avaliou o vixente programa de activación para o emprego e se debateron propostas de mellora.

O Goberno e os interlocutores sociais coinciden na necesidade de manter os instrumentos existentes para a protección e activación dos desempregados de longa duración con cargas familiares e, en consecuencia, na necesidade de prorrogar o programa durante un ano.

A través das modificacións que se introducen no programa, permítese acceder a el a calquera desempregado que esgotase calquera prestación por desemprego, e non unicamente tras esgotar o Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, o Programa temporal de protección e inserción ou a renda activa de inserción; redúcese o prazo de espera para solicitalo desde que se esgotou calquera prestación de seis meses a un mes; e redúcese o prazo de inscrición como demandante de emprego de 360 días a 270 días dentro dos 18 meses anteriores á súa solicitude.

As citadas modificacións aplícanse tamén aos desempregados que cumpran os novos requisitos e que, non estando inscritos na data de entrada en vigor desta norma, o estivesen o 1 de decembro de 2014 ou o 1 de abril de 2016. Desta forma dáse cabida a potenciais beneficiarios aos cales a regulación inicial non permitiu o acceso.

O texto do real decreto lei foi consultado e debatido coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas na mesa de diálogo social para o deseño dun plan de choque polo emprego, e as melloras incorporadas recollen parcialmente as súas propostas.

II

O real decreto lei consta dun artigo único, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras.

O artigo único refírese ás modificacións introducidas no Programa de activación para o emprego. As modificacións operadas no real decreto lei perseguen tres obxectivos esenciais: ampliar un ano máis a duración da medida, ampliar o colectivo de persoas que se poden beneficiar deste programa e axilizar e facilitar o acceso ao programa dos posibles beneficiarios.

Estes obxectivos teñen como fin último incrementar as posibilidades de acceso ao mercado de traballo dun importante número de persoas que están nunha situación de gran dificultade para acceder a el co conseguinte risco de exclusión social, a través de dúas vías: a mellora da súa empregabilidade e, simultaneamente, a cobertura da situación de necesidade provocada pola insuficiencia de recursos económicos. Basicamente, trátase de afondar na finalidade do acordo tripartito suscrito polo Goberno e polos interlocutores sociais en decembro de 2014 que deu lugar á posta en marcha do programa.

O punto un do dito artigo dá nova redacción ás alíneas a), b), c), f) e g) do artigo 2.1 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, ampliando a posibilidade de acceder ao programa e facilitando o cumprimento do requisito ás persoas en situación de desemprego máis recente. Mediante a modificación do artigo 2.1.a) da norma prodúcese unha importante ampliación do colectivo de posibles beneficiarios ao se inclúíren entre eles as persoas que esgotasen unha prestación contributiva ou un subsidio por desemprego dos regulados no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, dado que se trata dun colectivo moi numeroso que se engade a aqueles que esgotaron o resto das axudas.

Tamén contribuirá á ampliación a eliminación do requisito consistente en ter esgotado o terceiro dereito á renda activa de inserción, que anteriormente se incluía dentro da mesma alínea. Así mesmo, a eliminación do requisito de estar inscrito nunha data anterior á entrada en vigor deste real decreto lei, así como a redución de 360 días a 270 días do período de inscrición dentro dos dezoito meses inmediatamente anteriores á data de solicitude de incorporación ao programa que o solicitante debe acreditar, incrementarán notablemente o número de posibles beneficiarios.

A axilización do acceso ao programa conséguese mediante a redución de seis meses a un mes do prazo de espera posterior ao esgotamento de calquera das prestacións ou axudas, así como da mesma redución do prazo de espera no caso de que, tras o esgotamento dalgunha das prestacións ou axudas, se percibise calquera tipo de rendas mínimas, salarios sociais, etc., concedidos por calquera Administración pública.

O punto dous modifica a alínea b) do artigo 3 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, co obxectivo de lles facilitar aos solicitantes a acreditación da busca activa de emprego, potenciando a colaboración das axencias de colocación no cumprimento do dito requisito.

O punto tres modifica o artigo 4.1 para ampliar o prazo en que se pode presentar a solicitude de incorporación ao programa, de modo que as persoas desempregadas poidan solicitar a admisión ao programa durante o ano seguinte á entrada en vigor desta norma.

En liña coas modificacións operadas polo punto segundo, os puntos cuarto e quinto modifican o artigo 6 definindo mellor o papel do titor no proceso de busca activa de emprego que ten que realizar o desempregado para ser incluído no programa, co obxecto de facilitar esta busca e a súa acreditación.

A disposición derradeira primeira refírese ao título competencial que ampara a aprobación desta norma.

A disposición derradeira segunda adapta o disposto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, á

estrutura do ministerio, e afianza a efectividade da redacción dada ao artigo 98 desa lei polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, de medidas urxentes para o impulso do Sistema nacional de garantía xuvenil, co obxecto de resolver certas dúbidas interpretativas.

A disposición derradeira terceira prevé a entrada en vigor deste real decreto lei.

III

En canto á extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución exige no seu artigo 86 para aprobar este real decreto lei, concorre este requisito na medida en que se pretende adoptar coa presente norma.

O 15 de abril de 2017 venceu o prazo para que os desempregados puidesen presentar a solicitude de incorporación ao Programa de activación para o emprego. Por isto, a necesidade de que a prórroga do programa entre en funcionamento tan pronto como sexa posible para evitar situacións de desprotección dos traballadores desempregados xustifica a aprobación urxente da norma.

Por isto, é urxente que se aprobe este real decreto lei de modo que se poidan aplicar de forma inmediata as medidas recollidas nel, e se outorgue unha maior protección aos traballadores desempregados.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de abril de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Prórroga e modificación do Programa de activación para o emprego.*

O Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«1. Poderán ser beneficiarias do presente programa as persoas desempregadas que, presentando a solicitude de incorporación dentro do prazo indicado no artigo 4, reúnan os seguintes requisitos na data da dita solicitude:

a) Ter transcorrido ao menos un mes desde o esgotamento da última prestación ou axuda recoñecida, sempre que fose algunha das seguintes: a prestación por desemprego ou o subsidio por desemprego regulados no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro; a renda activa de inserción (RAI), regulada no Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o Programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, ou nas normas que o precederon; o Programa temporal de protección e inserción (PRODI) regulado polo Real decreto lei 10/2009, do 13 de agosto, polo que se regula o Programa temporal de protección por desemprego e inserción; o Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego (Prepara), regulado no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, así como nos sucesivos reais decretos leis que prorrogaron o dito programa.

Para os efectos desta alínea non se considerará esgotamento a extinción derivada dunha sanción ou baixa no dereito por causa imputable ao beneficiario.

b) Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego competente con data do 1 de maio de 2017. Este requisito entenderase cumprido nos supostos en que o traballador, mesmo non estando inscrito como demandante de emprego na dita data, teña interrompida a inscrición debido á

realización dun traballo por conta allea, sempre que a duración do contrato sexa por tempo inferior a 90 días.

c) Ter permanecido inscrito como demandante de emprego durante 270 días nos dezaoto meses inmediatamente anteriores á data da solicitude de incorporación ao programa.

d) Carecer do dereito á protección contributiva ou asistencial por desemprego ou á renda activa de inserción.

e) Ter cesado involuntariamente nun traballo por conta allea previamente ao esgotamento do último dereito dos recollidos na letra a) anterior. Ademais, se se traballou tras o esgotamento do dito dereito, ter cesado de forma involuntaria no último traballo realizado.

f) Carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, e acreditar responsabilidades familiares. A consideración de rendas e a acreditación das responsabilidades familiares efectuaranse conforme o establecido nos números 4 e 3, respectivamente, do artigo 275 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro. Para estes efectos, non se terán en conta as rendas derivadas das actividades compatibles coa axuda.

g) No caso de que, tras o esgotamento dalgunha das prestacións ou axudas incluídas na alínea a), se percibise calquera tipo de rendas mínimas, salarios sociais ou axudas análogas de asistencia social concedidas por calquera Administración pública, deberá ter transcorrido como mínimo un mes desde a finalización da percepción destas rendas antes da solicitude deste programa.

h) Cumprir coas obrigacións de activación previstas no artigo 3».

Dous. A alínea b) do artigo 3 queda redactada do seguinte modo:

«b) Acreditar, ante o Servizo Público de Emprego en que se encontre inscrito como demandante de emprego que, durante o prazo dun mes a partir da presentación da solicitude, realizou, polo menos, tres accións de busca activa de emprego (BAE). A acreditación efectuarase, dentro dos dez días hábiles seguintes ao transcurso do citado prazo dun mes, no modelo establecido polo Servizo Público de Emprego correspondente e conterá, ao menos, a especificación das accións de busca activa de emprego realizadas e a data en que se realizou tal acreditación; a seguir, o Servizo Público de Emprego comunicará ao Servizo Público de Emprego Estatal a acreditación certificada.

Consideraranse actuacións de busca activa de emprego cada unha das seguintes:

- 1.^a Traballo por conta propia ou allea.
- 2.^a Inscripción en, ao menos, unha axencia de colocación.
- 3.^a Envío ou presentación de currículos en, ao menos, tres empresas distintas.
- 4.^a Realización de, ao menos, unha entrevista de traballo.
- 5.^a Inscripción como solicitante de emprego en, ao menos, dous portais de emprego públicos ou privados.
- 6.^a Presentación, ao menos, a unha oferta de traballo xestionada polos servizos públicos de emprego ou polas axencias de colocación.
- 7.^a Calquera outra ofertada polos servizos públicos de emprego e, especificamente, accións formativas ou accións de información e actuacións dirixidas ao autoemprego e emprendemento.

Constituirá acreditación suficiente do cumprimento desta obrigación o certificado expedido por unha axencia de colocación que inclúa, ademais da inscrición do solicitante nela, a realización polo solicitante de dúas das actuacións de entre as recollidas nos ordinais 3.^a a 6.^a anteriores».

Tres. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para ser admitidos no programa e obter o recoñecemento da axuda económica de acompañamento prevista no artigo 7, as persoas desempregadas deberán presentar a solicitude de incorporación dentro do ano seguinte contado a partir do 1 de maio de 2017. A solicitude deberá presentarse, conforme o modelo que se determine, na oficina de prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal que corresponda á persoa desempregada. Coa solicitude deberase achegar a documentación acreditativa de que se reúnen os requisitos recollidos no artigo 2 e conterá o compromiso de actividade que deberá subscribir o solicitante.

2. Unha vez que o Servizo Público de Emprego Estatal comprobe que se cumpren os requisitos de acceso recollidos no artigo 2, informarse o solicitante de que, para ser admitido no programa e que se lle aboe a axuda económica correspondente, deberá acreditar que realizou as accións de busca activa de emprego nos termos establecidos no artigo 3, así como que ten asignado un itinerario individual e personalizado de emprego, nos termos establecidos nos artigos 3 e 6.2.

Así mesmo, darase traslado da solicitude ao Servizo Público de Emprego competente para os efectos de que inicie as actuacións necesarias para a asignación dun titor individual, o diagnóstico do perfil do solicitante e a elaboración do itinerario individual e personalizado de emprego nos termos establecidos no artigo 6.

3. Unha vez que se lle asignase ao traballador o titor individual, que se acredite a busca activa de emprego e que elaborase o itinerario individual e personalizado de emprego, o Servizo Público de Emprego Estatal ditará resolución en que recoñeza a incorporación do traballador ao programa, o que implicará o seu dereito a percibir a axuda económica e a posibilidade, de ser o caso, de compatibilizala co traballo, nos termos previstos no artigo 8. O Servizo Público de Emprego Estatal resolverá a solicitude no prazo máximo dos tres meses seguintes á data en que esta se presentase. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

4. Contra a resolución adoptada polo Servizo Público de Emprego Estatal poderase interpor reclamación previa á vía xurisdiccional social no prazo de trinta días desde a súa notificación».

Catro. O número 2 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«2. Con carácter previo á admisión no programa, o Servizo Público de Emprego competente asignará ao solicitante un titor individual, que facilitará a realización e acreditación da busca activa de emprego, nos termos establecidos no artigo 3.b) e elaborará o itinerario individual e personalizado de emprego, todo isto no prazo dun mes desde a solicitude de admisión no programa, a partir dunha entrevista individualizada que permita realizar un diagnóstico previo do perfil do traballador.

Para facilitar a realización e acreditación da busca activa de emprego, o titor poderá proporcionar ao solicitante a información necesaria sobre as axencias de colocación existentes no seu ámbito de actuación e os servizos que prestan, co fin de que poidan realizar a súa inscrición naquelas.

Así mesmo, poderá informalo sobre os portais de emprego, as ofertas de emprego dispoñibles e calquera outro instrumento que lle faciliten o cumprimento das actuacións de busca activa de emprego.

As axencias de colocación que actúen como entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego deberán realizar a inscrición do solicitante nela e, ao menos, dúas das accións das recollidas nos ordinais 3.^a ao 6.^a do artigo 3.b) e, así mesmo, emitir a certificación correspondente».

Quinto. A alínea a) do artigo 6.6 queda redactada do seguinte modo:

«a) A identidade do titor individual que se lle asigne ao solicitante do programa, a acreditación da busca activa de emprego, os itinerarios que se elaboren e as colocacións que se realicen durante a vixencia dos itinerarios, así como o seu seguimento. Os itinerarios deberán ser comunicados inmediatamente despois da súa elaboración».

Disposición transitoria única. *Aplicación do requisito relativo á inscrición como demandante de emprego.*

Poderanse incorporar ao programa de activación para o emprego as persoas que, mesmo non cumprindo o requisito establecido no artigo 2.1.b) do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, de estaren inscritas como demandantes de emprego en data 1 de maio de 2017, o estivesen en datas 1 de decembro de 2014 ou 1 de abril de 2016, sempre que reúnan os demais requisitos exixidos no artigo 2 da citada norma, modificada polo presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a e 13.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte dos órganos das comunidades autónomas, e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, queda modificada da seguinte maneira:

Un. As referencias efectuadas á «Dirección Xeral do Ministerio de Emprego e Seguridade Social que teña atribuídas as competencias para a administración do Fondo Social Europeo» no número 3 do artigo 92, no número 2 do artigo 95, nos números 2 e 6 do artigo 98, no primeiro parágrafo do artigo 102, nas letras i) e j) do número 1 do artigo 111, no parágrafo quinto da letra a) do artigo 112, no parágrafo primeiro da disposición adicional vixésimo oitava e no número 4 da disposición derradeira segunda quedan substituídas pola mención á «Unidade orgánica correspondente que designe o Ministerio de Emprego e Seguridade Social».

Dous. O número 5 do artigo 98 queda redactado da seguinte maneira:

«5. A inscrición ou renovación como demandante de emprego nun servizo público de emprego implica a inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil, se se cumpren os requisitos recollidos no artigo 97. A data de inscrición no sistema corresponderá coa data de inscrición ou de renovación como demandante de emprego.

Para estes efectos, considerarase que se cumpre co requisito establecido na letra g) do artigo 97 no momento en que se inscribise como demandante de emprego.

Adicionalmente, os servizos públicos de emprego poderán solicitar a inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil daquelas persoas inscritas como demandantes de emprego, desde o 1 de setembro de 2013 ata o 24 de decembro de 2016, que participasen nalgunha das accións recollidas no artigo 106 e, ao inicio da acción, cumpran cos requisitos recollidos no artigo 105. Neste caso, a data de inscrición corresponderá coa data de inicio da acción. Así mesmo, os servizos públicos de emprego informarán desta circunstancia a persoa interesada para os efectos de que poida exercer os seus dereitos de acceso, modificación, cancelación e oposición».

Tres. O parágrafo terceiro do artigo 112.a) queda redactado da seguinte forma:

«A Comisión estará integrada por un máximo de tres representantes de cada unha das comunidades autónomas participantes na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais de entre os ámbitos de emprego, educación, servizos sociais e/ou xuventude, así como polos organismos intermedios do Fondo Social Europeo das comunidades autónomas e polos interlocutores sociais. Igualmente, formarán parte da Comisión aqueles membros que designe o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, un representante do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, un representante do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, así como calquera outro membro que resulte competente por razón da materia».

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de abril de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY